

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 5 de setembro de 2024 realizou entre outras, as seguintes actuacións:

**5. Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do "Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero na mocidade. ENLAZAVIGO contra a violencia de xénero" (13019-224)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Recordáselle aos membros da Mesa que na sesión de data 29 de agosto de 2024, acordouse "a) Outorgar un prazo de 3 días naturais a NORFORMACIÓN, S.L. para que poida emendar a sinatura da documentación recollida no sobre B dado que en parte da documentación presentada o 27 de agosto de 2024 ás 13:45 horas non consta sinatura dixital (...) b) Unha vez presentada a emenda requirida, solicitar informe sobre a documentación contida no sobre B ao servizo xestor.

A continuación entrégase o informe asinado pola axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade o 2 de setembro de 2024 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor".

A Mesa de Contratación, por unanimidade dos/as membros presentes, acepta o informe presentado pola Secretaria. Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**6. Apertura das proposicións avaliadas mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación**

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do "Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero na mocidade. ENLAZAVIGO contra a violencia de xénero" (13019-224)**

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliada mediante fórmula" do licitador admitido co seguinte resultado:

Licitador	Prezo sen IVE	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario	Incrementa a experiencia laboral acreditada da persoa dinamizadora en 3 meses	Incrementa a experiencia laboral acreditada da persoa formadora en 25 horas na impartición á poboación xove de obradoiros/charlas/cursos de promoción da igualdade de xénero e/ou a prevención da violencia de xénero
NORFORMACIÓN	19.600,00 €	7,00 %	Si	Si



ÁREA DE  
CONTRATACIÓN

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS E  
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 05/09/2024 13:25

Páxina 2 de 2

13019-224

CSV: A3AC53-41D1BC-A3D35B-UJQL52-WLM564-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>